

MANIFESTO PRO FOLÓN

O SISTEMA GRANITICO DE O FOLÓN, RÍO DA REGA VIGO, GALICIA

A causa da súa importancia e concurrencia de valores naturais, xeolóxicos, xeomorfolóxicos, arqueolóxicos e antropolóxicos, e mais pola súa excepcional calidade e representatividade.

Pola existencia deste sistema de cavidades graníticas de idade Plio-Cuaternaria, de importancia notabel científica e culturalmente a pesares de non tratarse dunha litoloxía solubel e carstificable, e que ademáis é unha das grandes covas do mundo desenvoltas neste tipo de rocha.

Polas súas formas erosivas e hidráulicas testemuño da evolución das concas fluvias que verten a ría de Vigo nos últimos dous millóns de anos e da espeleoxénese do pseudocarst en granitos.

Polas súas formas deposicionáis, ritmitas e neominerais, indicadoras e testemuño da evolución paleoclimática desta zona.

Pola existencia de ADN fósil asociado aos neominerais bioxénicos cun alto interese xeomicrobiolóxico e paleoclimático.

Pola presenza de especies e habitats troglófilos especialmente protexidos (anfíbios e quirópteros), especies de grande rareza coma a Schistostega pennata, e máis as especies e habitats asociados coma propia fraga que constitúe o corredoiro natural do río da Rega.

Por tratarse dun sitio arqueolóxico baixoterreño notabel fora das zonas arqueolóxicas cársticas, con pegadas antrópicas por mor do seu uso troglodita dende o Neolítico ata a Idade Media, e do que se teñen rescatado materiais de calidade excepcional.

Polo seu patrimonio cultural antropolóxico e espeleoantropolóxico asociado.

E por tratarse dun area o suficientemente ampla (a conca fluvial) como para protexela integridade das súas características naturais e culturais, e as zonas inmediatamente circundantes que as poidan afectar.

Manifestamos:

Procédase a declaración de O Folón e da conca do río da Rega como **Monumento Natural** para así protexer e preservar a perpetuidade as características naturais, xeolóxicas, xeomorfolóxicas, arqueolóxicas e culturais destacadas e específicas desta área, brindando así oportunidades presentes e futuras para a súa investigación, difusión educativa, e máis a súa interpretación e apreciación pola sociedade nun grao compatible coa protección, eliminando, e polo tanto impedindo, as explotacións ou ocupacións hostís ao propósito desta designación.

“Para aprender sobre o pasado da terra, para ler este libro escrito antes da nosa aparición, iso é o noso patrimonio xeolóxico”.

International Declaration of the Rights of the Memory of the Earth - Digne 1991